

CEMAC 2022
XVIII CURSO DE MEDIOS
AUDIOVISUAIS DE CELANOVA

CINEMA NO BISTURÍ

DECONSTRUÍNDO O AUDIOVISUAL GALEGO ACTUAL

**DO 28 DE XUÑO
AO 1 DE XULLO**

Transporte e albergue **GRATUITOS**
Prazas limitadas

Inscricións en
campusactivo.uvigo.gal

Directores do curso:
Miguel Anxo Fernández
e Paulino Pérez

FUNDACIÓN



Vicerreitoría do
Campus de Ourense
Universidade de Vigo

A Fundación Carlos Casares, coa Vicerreitoría do Campus de Ourense, o Concello de Celanova, a Deputación Provincial de Ourense, e coa colaboración do AGADIC, promove o XVIII Curso de Verán de Extensión Universitaria (CeMAC 2022) *Cinema no bisturí. Deconstruíndo o audiovisual galego actual*, unha nova achega na liña temática iniciada hai dezaoto anos co curso *Cine e literatura. Casares e o cine*, e que veñen reunindo, no berce de Manuel Curros Enríquez, a cualificados especialistas e profesionais do sector para disertar ao redor das súas diferentes disciplinas.

Na oferta histórica do CeMAC, nunha andaina frutífera que iniciamos en 2004, e xa consolidado como foro audiovisual de referencia en Galicia, pretendemos analizar a creación audiovisual en todas as súas variantes, soportes e formatos, substanciada nunha obra ou nun produto destinado a ser gozado e consumido polos receptores. Polo tanto, é obra colectiva, profesional, nun sector das industrias culturais e creativas con máis pulo de Galicia, e cunha suma de vontades ben coordinadas. Suma de vontades e suma de talentos.

O CeMAC 2022, desde a súa condición de curso universitario atento ao pulso conxuntural audiovisual do país en particular, e mesmo da sociedade en xeral con relación a cultura das imaxes e mesmo do seu consumo, afronta nesta edición un trazo singular que rematará por condicionar a evolución do sector galego. A creación audiovisual en todas as súas variantes, soportes e formatos, substanciada nunha obra ou nun produto destinado a ser gozado e consumido polos receptores, é obra colectiva, unha suma de vontades ben coordinadas.

O CeMAC2022 centrarase en coñecer e analizar as singularidades da ficción en formato filme a través de exemplos específicos e de éxito no audiovisual. Pero tamén analizará outros formatos, así como o proceso de consolidación do ecosistema audiovisual, do seu equilibrio industrial e creativo, e os pasos que se están a tomar para a súa normalización no país á marxe de soportes e formatos.

Participarán nas mesas profesionais en diversos aspectos creativos (fotografía, música, guión...) e tamén perfís profesionais das industrias culturais, co fin de analizar a situación do sector e as novas posibilidades transversais de actuación.

Ao abeiro deste curso desenvolverase, por undécimo ano consecutivo, o Taller Audiovisual “Celanova, plató de ficción”, baixo a dirección de Paulino Pérez Feijoo. Esta experiencia, eminentemente práctica, está dirixida ao alumnado de Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e ten como obxectivo a produción dunha peza audiovisual nun tempo determinado e cun orzamento pechado.

PROGRAMA

Este programa pode sufrir cambios nos relatores, na orde das sesións e incluso nalgunha as pezas anunciadas debido a imponderables na axenda dos convidados, en todo caso sempre por motivos alleos á organización

MARTES, 28 DE XUÑO

A CANTEIRA DA UVIGO. PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL EN 2021
--

16.00 h. Acreditación e recollida de documentación

16.15 h. Saúdo e presentación dos directores do curso. Inauguración oficial.

Miguel Anxo Fernández. *Doutor en Comunicación Audiovisual, crítico de cinema e televisión e profesor asociado de Comunicación Audiovisual. Universidade de Vigo*

Paulino Pérez Feijoo. *Doutor en Comunicación Audiovisual e profesor de Comunicación Audiovisual. Universidade de Vigo*

16.30 h. *VERSOS POST-MORTEM.* CURTAMETRAXE (2021)

Nico Narwal. *Director*

17.00 h. *DÚAS CORES.* CURTAMETRAXE (2021)

Cris Yáñez. *Directora. Finalista no festival de Cine de Cans 2022*

17:30 h. *PACO.* CURTAMETRAXE (2021)

Bruno Castiglia. *Director.*

18.00 h. Descanso

18:30 h. *O NIÑO DO PAXARO.* CURTAMETRAXE (2021)

Lucía Estévez. *Directora. Finalista no festival de Cine de Cans 2022. Shorts from Galicia*

19:00 h. *30' 70 60 120'.* CURTAMETRAXE (2021)

Marta Valverde. *Directora. Shorts from Galicia*

19:30 h. *O QUE QUEDA DE NÓS.* CURTAMETRAXE (2021)

Miguel Abad. *Director.*

20.00h. **Coloquio cos directores e directoras**

20.45h. Fin da xornada

MÉRCORES, 29 DE XUÑO

FICCION CINEMATOGRAFICA: *CÓDIGO EMPERADOR* (LONGAMETRAXE)

09.30 h. *CÓDIGO EMPERADOR*.

[Proxección audiovisual: *Código Emperador*. Ficción, España, ano 2022]

Jorge Coira. *Director*

11.30 h. Descanso

12.00 h. *CÓDIGO EMPERADOR*. A DIRECCIÓN

Jorge Coira. *Director*

13.00 h. *CÓDIGO EMPERADOR*. A PRODUCCIÓN

Emma Lustres. *Produtora*

Borja Pena. *Produtor*

14.00 h. Descanso para xantar

16.00 h. *CÓDIGO EMPERADOR*. O DESEÑO E A POSTPRODUCCIÓN DE SON

Diego Staub. *Son*

17.00 h. Descanso

17.30 h. *CÓDIGO EMPERADOR*. O VFX E O FOLEY

Pablo Lamosa. *VFX*

Miguel Barbosa. *Foley*

18.30 h. *CÓDIGO EMPERADOR*. A MÚSICA

Xavi Font. *Compositor*

Elba Fernández. *Compositora*

19.30 h. *CÓDIGO EMPERADOR*. A DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Pablo Rosso. *Director de fotografía*

20.30 h. Fin da xornada

XOVES, 30 DE XUÑO

RODADO EN OURENSE 2022. LONGAMETRAXES

09.30 h. *O HOME E O CAN* (2022). DIRECCIÓN E GUIÓN

Ángel de la Cruz. *Director e guionista*

11.00 h. Descanso

11.30 h. *LA MANZANA DE ORO* (2022). PRODUCCIÓN

Xosé Zapata. *Coprodutor*

13.00 h. **Mesa de diálogo entre os relatores e o alumnado do curso**

14.00 h. Descanso para xantar

16.30 h. *13 EXORCISMOS* (2022). PRODUCCIÓN
Ramón Campos. *Produtor (Bambú)*

18.00 h. Descanso

18:30 h. *HONEYMOON* (2022). DIRECCIÓN, PRODUCCIÓN E GUIÓN
Enrique Otero. *Coprodutor, director e guionista (Pulsa Control Z)*

20.00 h. Fin da xornada

VENRES, 1 DE XULLO

10.00 h. *ASUNCIÓN*, “CELANOVA: PLATÓ DE FICCIÓN”, OBRADOIRO AUDIOVISUAL DO CEMAC
[Proxección audiovisual: **Asunción.** Ficción, España, ano 2021].
Andrea Varela. *Directora da curta*
Paulino Pérez. *Director do obradoiro*

10.30 h. A DISTRIBUCIÓN DE CURTAMETRAXES
Xacio Baño. *Director de curtas e da longametraxe “Trote”*

11.45 h. Descanso

12.00 h. A INDUSTRIA, AS RODAXES E O TERRITORIO: BENEFICIOS E COLABORACIÓNS
Carlos Rosado. *Presidente da Spain Film Commission*
Aurelio Gómez. *Director da Ourense Film Commission*

13.30 h. Acto oficial de clausura e entrega de diplomas
Despedida e sesión de *fotocall*

14.00 h. Fin do curso.

MATRÍCULA DO CURSO

Online no sitio web: <https://campusactivo.uvigo.gal/>

PRAZO DE INSCRICIÓN

Dende o 12 de maio ata o 27 de xuño

DURACIÓN

30 horas

VALIDACIÓN

2 créditos de libre configuración ou 1 crédito ECTS

NÚMERO DE PRAZAS

50

COTA DE INSCRICIÓN

Persoas que pertencen á comunidade universitaria da Universidade de Vigo: 19,50 €
Amigos da Fundación Carlos Casares e cidadáns censados no Concello de Celanova: 24,00 €
Resto de solicitantes: 30 €

DESPRAZAMENTO GRATUÍTO

Ponse a disposición das persoas interesadas un transporte que percorrerá os campus de Vigo, Pontevedra e Ourense, con parada final en Celanova o día 28 de xuño, e un transporte similar de regreso o día 1 de xullo. Reservas: fundacioncarloscasares@gmail.com

ALOXAMENTO GRATUÍTO

O Concello de Celanova ofrece aloxamento gratuítu aos matriculados no Albergue Municipal.

Os interesados deberán contactar co albergue (988.432.201) e reservar praza (da noite do 28 á noite do 30 de xuño).

No momento da primeira ocupación do cuarto deberase acreditar documentalmente a matrícula no curso.



Concello de Celanova



Vicerreitoría do
Campus de Ourense
Universidade de Vigo

Facultade de Ciencias
Sociais e da Comunicación
Universidade de Vigo

esadg
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
10 ANOS

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

XUNTA
DE GALICIA

